

O Xavier Zubiri e a dereita revolucionaria

Alexandre Xavier Casanova Domingo

Galicia, Spain

Abstract

Xavier Zubiri can be seen from a new viewpoint called “Arch-individualism” or, more politically, “Revolutionary Right.” This school of philosophy, Archindividualism, acts much like Xavier Zubiri himself, as Zubiri always has the philosophical and Christian tradition as his starting point; nothing can be done without the tradition or away from the tradition. But it is not vulgar Conservatism, either politically or theologically. Zubiri shows that a revolutionary analysis of reality, the human being and his relationship with God can be made from the very realm of tradition, purifying it without throwing it away, and thus opening the way for true human liberation. Now a parallel with the *Theology of Liberation* (from its leading head and Zubiri's disciple, Ignacio Ellacuría) facilitates the comparison between the *left-wing* perspectives starting from Zubiri and the *right-wing* perspective, also starting from Zubiri, of Arch-individualism, which in turn is very close to Theology of Liberation, although Theology of Liberation would be left-wing.

Resumen

O Xavier Zubiri pódese ver desde un novo punto de vista chamado *Arqueoindividualismo* ou, máis politicamente, *Dereita Revolucionaria*. Esta escola de filosofía, o arqueoindividualismo, traballa moi no estilo do Xavier Zubiri, porque o Zubiri sempre ten a tradición filosófica e cristiá coma o seu punto de partida; non se pode facer nada sen a tradición ou fora da tradición. Mais isto non é conservadorismo vulgar, nin politicamente nin filosoficamente. O Zubiri mostra que unha análise revolucionaria da realidade, do home e da relación do home co Deus, é posible dende o mesmo campo da tradición, purificándoa sen desbotala, e así abrindo o camiño para a verdadeira liberación humana. Agora un paralelo coa *Teoloxía da Liberación* (partindo da súa cabeza representativa e discípulo do Zubiri, o Ignacio Ellacuría) facilita a comparación entre as perspectivas *esquerdistas* que parten do Zubiri e a perspectiva *dereitista*, tamén inspirada no Zubiri, do arqueoindividualismo, o cal pola súa parte está moi próximo á teoloxía da liberación, aínda que a teoloxía da liberación sería esquerdistista.

Nota lingüística preliminar.

É sabido que o galego ten un complicado proceso sociolingüístico de normativización e regulación dende a súa recuperación no uso culto i escrito a partir do século XIX.

Esta aportación ó pensamento do Xavier Zubiri non ten pretensións estilísticas, filolóxicas ou lingüísticas, senón que é, simplemente, unha reflexión filosófica e

teolóxica en galego. Por tanto, aquí utilizaréi (en xeral) a típica normativa maioritariamente usada hoxe na filosofía ou teoloxía en galego: a normativa da Real Academia Galega, sen por iso pronunciarme no coñecido conflito que esta institución mantén, por exemplo, coa Academia Galega da Língua Portuguesa, pois estoutra academia normativa fai practicamente idénticos ó galego e ó portugués europeo

continental.

Iso si, dado o rexeitamento da pedantería académica que manteño en forma e fondo para esta reflexión, vou manter un risco enxebre da lingua galega que hoxe, por calco morfosintáctico do castelán ou por falso senso da elegancia, é típicamente omitido no galego escrito: o artigo ante nome de persoa ou de nación. En galego dise tradicionalmente: o Xavier Zubiri Apalategui, a Galicia, o Brasil, a Rosalía de Castro, a Nélica Piñón. ¡E non é un vulgarismo! ¡Trátase de galego, non de castelán, onde as cousas son moi distintas! Tamén oralmente en portugués europeo, ou en brasileiro, é un trazo lingüístico xenuinamente lusófono, ó que non cómpre renunciar por imitación doutras linguas neolatinas, sexan o castelán ou o francés.

Introdución

Tradicionalmente, na filosofía, hai dúas preguntas esgrevias.

¿Ten algunha utilidade real a teoloxía?

¿É a dereita algo máis cá monótona apoloxía que os ricos e privilexiados fan de si mesmos?

Pois ben: ó meu ver, a resposta é positiva en ambos casos. A teoloxía é útil para responder ás grandes preguntas que fai a filosofía. E a dereita xenuína non fai unha noxenta apoloxía das riquezas mal gañadas, senón que distingue entre riquezas mal gañadas e ben gañadas; e mostra que mesmo as riquezas ben gañadas son

un medio, nunca un fin, no progreso real dos pobos e dos individuos.

É certo que a teoloxía usouse e úsase para dicir moitas parvadas sen proveito.

É certo que as ideoloxías de dereita usáronse e úsanse para intentar abusos e crimes por parte dos que ostentan postos xerárquicos de inmenso poder político, económico e intelectual.

Mais existe unha teoloxía verdadeira, de boa fe i eficaz. O mesmo para a dereita coma concepción ideolóxica, política e filosófica: hai unha dereita verdadeira, de boa fe i eficaz.

Todo isto hai que dicilo de entrada, xa que vou analizar ó Xavier Zubiri dende unha concepción filosófica, unha escola de filosofía, creada no ano 2014, que entre os seus moitos sinónimos, "*movemento das raías vermellas*", "*revolución do arquetipo*" e, sobre todo, "*arqueoindividualismo*", ten o sinónimo de "*dereita revolucionaria*". Con efecto, é abertamente unha escola filosófica de dereita, e recoñece a importancia do Deus e da teoloxía.

O difícil de entender nesta nova escola de filosofía é o seu encadramento "*antitradicional*". Porque hai, en xeral, unhas ligazóns tradicionais entre tendencias de cada escola filosófica, ligazóns que son cambiadas ou mesmo invertidas polo arqueoindividualismo. Presento a continuación as ligazóns tradicionais nun cadro sistemático.

Individualismo	Relativismo ético
Realidade Derradeira Permanente	Autoritarismo sociopolítico
Absolutismo ético	Colectivismo ideolóxico
Espiritualismo	Antimaterialismo
Amor	Altruísmo
Hedonismo	Inmanentismo
Tradicionalismo	Dogmatismo
Cientifismo	Escepticismo gnoseolóxico
Inmortalidade da ánima	O Deus creador
Liberdade contra a autoridade externa	Agnosticismo
Realidade do Deus	Monoteísmo
Ateísmo como inexistencia do Deus	Laicismo
Ascetismo	Antihedonismo
Revolución política comunista	Antropocentrismo
Reencarnación	Indiferencia ante a pobreza das masas
Liberalismo radical	Democracia
Fin da opresión do home polo home	Igualitarismo
Antiabortismo	Familias numerosas
Soterioloxía	Salvación por un Deus externo ó home
Aristocratismo	Endogamia e cooptación culturais
Nirvana	Aniquilación do ego
Dereita	Contrarrevolución
Outros (engadir)	¿?

Tabla 1. Ligazóns tradicionais dentro de cada escola filosófica

Porén, o arqueoindividualismo mantén tódalas reivindicacións da primeira columna... cambiando radicalmente as liga-

zóns da segunda columna, como veremos no segundo cadro esquemático

Individualismo	Absolutismo ético
Realidade Derradeira Permanente	Libertarismo sociopolítico
Absolutismo ético	Antigregarismo aristocrático
Espiritualismo	Materialismo
Amor	Egoísmo
Hedonismo	Transcendentalismo
Tradicionalismo	Chegada experimental ó coñecemento
Cientifismo	Construtivismo gnoseolóxico
Inmortalidade da ánima	O Deus emanador dende si mesmo
Liberdade contra a autoridade externa	Gnosticismo
Realidade do Deus	Politeísmo
Ateísmo como inexistencia do Deus	Relixiosidade
Ascetismo	Hedonismo
Revolución política comunista	Teocentrismo
Reencarnación	Eliminación da pobreza das masas
Liberalismo radical	Rexeitamento da democracia

Fin da opresión do home polo home	Diferenza entre homes peores e mellores
Antiabortismo	Forte e sostida redución da natalidade
Aristocratismo	Autosalvación individual
Soterioloxía	Promoción de todos á casta suprema
Nirvana	Afirmación eterna e infinita do ego
Dereita	Revolución
Outros (engadir)	¿?

Tabla 2. Ligazóns dentro do arqueoindividualismo

Aínda que moi esquemáticos, estes dous cadros mostran a forte orixinalidade do arqueoindividualismo, e a dificultade para comprendelo como nova escola filosófica. O decisivo é comprender que o arqueoindividualismo non é unha reforma menor dalgunha escola filosófica xa existente; e que, por outro lado, se apoia explicitamente na longa tradición filolófica das escolas anteriores, non sendo un adanismo xurdido dunha folla en branco.

¿Como enlaza todo isto co esforzo metafísico e teolóxico liberador que fai o Xavier Zubiri? Verémolo deseguido.

O existencialismo revolucionario do Zubiri.

É frecuente incluír ó Xavier Zubiri no existencialismo; ou, quizais mellor, nos existencialismos, nas diversas correntes filosóficas que parten da existencia como dado fundamental da realidade.

Os existencialismos adoitan dividirse en existencialismos teístas e non teístas, e dentro dos existencialismos teístas falaríamos de existencialistas cristiáns, coma o Emmanuel Mounier, o Gabriel Marcel, o Kierkegaard e o propio Xavier Zubiri.

É coñecida a crítica segundo a cal o existencialismo é un caixón de alfaiate filosófico, onde cabe de todo e, por tanto... non se define nada. Se todo filósofo pode ser un existencialista, entón dicir dun filósofo que é un existencialista non engadren a dicir que un filósofo é un filósofo.

I entón dicir que o Zubiri é un existencialista cristián nada engadiría a dicir que o Zubiri é un filósofo cristián, de inspiración cristiá.

Respondo a isto que o existencialismo, en filosofía, si que é definible e delimitable como actitude primaria ante a investigación filosófica. Se partimos do ser en abstracto, deslocado da situación concreta, non hai existencialismo. Se, pola contra, partimos da vida ou existencia concreta de quen busca a verdade, hai xa un existencialismo intencional, aínda que os resultados da investigación poidan ser tan dispares coma os que opoñen ó Sartre, á Ayn Rand e ó Karl Jaspers, por exemplo. Mailos tres parten da experiencia concreta da persoa, da súa existencia non abstracta senón vivida concretamente; por iso os tres son existencialistas. Cousa que nunca poderemos dicir do san Tomé de Aquino, do Maimónides nin do Jacques Monod, por poñer tres exemplos moi diferentes entre si. Por tanto, hai delimitación entre existencialismo e ausencia de existencialismo na actitude filosófica inicial.

E, así, tamén o Xavier Zubiri Apalategui é un existencialista. Un existencialista radicalmente cristián.

A principal xustificación disto está na propia obra do Xavier Zubiri. En efecto, o seu transparente e antirretórico castelán, a lingua na que fai toda a súa obra, dá acceso fácil e directo ó seu pensamento. Unicamente son necesarias traducións e reexposicións das súas ideas ós que non falen castelán ou teñan tanta présa que non poidan le-las pasaxes significativas das obras principais deste filósofo vasco.

Maticemos lingüisticamente que, ó se-lo éuscaro (non o castelán) a lingua materna do *Xavier Zubiri Apalategui* (tradución literal deste nome do éuscaro ó galego: *Casanova Xunto á Ponte Biblioteca*) a obra en castelán do filósofo vasco contén

numerosos xiros morfosintácticos inspirados na lingua vasca. E concretamente os abondosos neoloxismos en castelán introducidos polo Zubiri, transparentan o rico e moi produtivo sistema de matización por sufixos e partículas, arredor da raíz semántica orixinal, que hai no éuscaro, mais non tanto no castelán.

Se o facemos directamente no aspecto lingüístico, se lemos directamente en castelán os libros do Xavier Zubiri, encontramos un claro e persistente existencialismo cristián.

Cousa que sempre fixen, ler en castelán directamente ó Xavier Zubiri sen necesidade de comentaristas ou tradutores.

Con todo, en galego, é recomendable a introdución ó cerne do pensamento zubiriano feita polo brasileiro Everaldo Cescon e publicada na revista norteamericá "The Xavier Zubiri Review" no ano 2007. Titúlase "A *trilogía teoloxal*" de Xavier Zubiri: *contribuições e problemas*". Xa que o galego, o portugués europeo e o brasileiro (portugués american) son tres formas da mesma lingua lusa.

A exposición devandita do Everaldo Cescon é fiel ó proxecto do Xavier Zubiri i explica a concepción fundamental do filósofo vasco. Daí podemos tirar citas e frases rumo a esta reivindicación do Xavier Zubiri para a dereita revolucionaria (arqueoindividualismo).

Dou por suposto un bo coñecemento xeral da filosofía do Xavier Zubiri nas reflexións que poñerei a continuación; e remito ós falantes de galego se non teñen tal coñecemento, unha vez máis, ó salientable traballo do Everaldo Cescon.

Entón, a obxeción fundamental que se lle pode facer a este existencialismo teísta cristián, ó pensamento nuclear do Xavier Zubiri, é a mesma obxeción que se lles pode facer tamén ó arqueoindividualismo e a toda filosofía teísta: se admitides ó Deus como principio explicativo supremo e como ente verdadeiro, ¿que cousa real non é o Deus? Se todo é o Deus, e o teísmo así o afirma, en derradeiro termo hai panteísmo. I en derradeiro termo o panteísmo equivale a un vulgar ateísmo. Dicar que

todo é o Deus non é diferenciable de dicir que o mundo é o Deus... ou que o mundo é eterno, sen o Deus; daí a clásica acusación de ateísmo contra o panteísmo do Espinosa (Spinoza).

Orabén, o Zubiri, e toda hipótese metafísica sería a prol do teísmo (quer politeísta ou monoteísta) distinguen graos de realidade. Tódalas cousas son o Deus ou os deuses por participación, mais non todas do mesmo xeito nin con igual identificación á divindade. O teísmo serio é un panteísmo cualificado, un *panenteísmo*.

No panenteísmo hai ó tempo identidade e diferenza entre a realidade finita creada (ou, segundo o arqueoindividualismo, emanada) e o Deus, realidade derradeira, que lle dá orixe. Coma di o devandito Everaldo Cescon, falando do Zubiri: "*Deus doa o poder do real, de uma ou de outra forma, com a realidade fundante*". Faino, si, mais conservando a diferenza entre o Deus mesmo e a súa máxima criatura, o home. Engade o Everaldo Cescon: "*o homem é experiência de Deus porque está fundamentado na realidade de Deus.*"

E aquí xorde explicitamente o carácter *revolucionario* da metafísica e a teoloxía do Xavier Zubiri. Cito outra vez ó Everaldo Cescon: "*O homem está constitutivamente religado ao poder do real e é levado a entregarse inteiramente à realidade absolutamente absoluta, que está no fundo de toda a realidade e da pessoa humana.*"

Hai pois a posibilidade do cambio radical de plano. A *deiformidade*, que non deformidade; a posibilidade de obter, por parte da criatura, por parte do home orixinado, a forma do Deus. Cousa, por outra parte, xa anunciada polo mesmo Xesucristo: "*En verdade dígovos: deuses sodes.*"

Non vou negar, nin moito menos, as fortes diferenzas metafísicas e teolóxicas entre o Xavier Zubiri e o meu pensamento sobre os mesmos temas, inspirado libremente no arqueoindividualismo. Segundo esta escola, afirmo que a realidade divina é politeísta, hai moitos deuses, no canto de monoteísta, porque non hai un Deus único que anule ou debilite ós demais deuses. Tamén recoñezo o ateísmo: o

Deus e os deuses non existen, porque a existencia é unha limitación, e o Deus non é limitado. As cousas distintas do Deus existen no Deus, que lles dá existencia sen ser, en si mesmo, existencia. Non hai nada maior que o Deus no cal o Deus poida existir. Porén, negala existencia do Deus non é inmanentismo, senón polo contrario o recoñecemento da trascendencia non dual, non sometida á continxencia da existencia, que ten o Deus real; o plano supremo da realidade.

En cambio o Zubiri, dende o seu cristianismo católico, resulta radicalmente monoteísta; di que só o monoteísmo é exclusivamente verdadeiro.

É certo que a linguaxe, mesmo unha linguaxe acertada, só é aproximativa en materia teolóxica, pois o Deus é unha realidade non verbal en derradeira instancia. Con todo, reitero a verdade relativa do politeísmo porque, no plano fenoménico, todo o que é aprehendido é aprehendido como ser senlleiro, diferenciado dos outros seres. Daquí é transparente que os moitos deuses saben abofé que proceden dunha orixe sen manifestación sen nome. Mais non por iso necesitan nomear un só Deus como presidente ou rei de todos eles, no que os demais deuses deleguen os seus atributos divinos.

A pregunta latente, claro está, é se todo isto pasa dalgún xeito de ser un mero xogo verbal, completamente inútil, entre conceptos que de nada liberan ó home real dos seus numerosos e graves problemas.

Pois non estamos na típica i estéril discusión sobre o sexo dos anxos.

O Xavier Zubiri, igual que pretendemos face-los arqueoindividualistas, busca a religación total, completa, de cada home co Deus.

O fin disto non é establecer unha distinción verbal predominante entre politeísmo e monoteísmo, por exemplo, senón achegarmos efectivamente ó *Reino do Deus*.

I este reino non pode chegar se facemos asercións falsas ou moi improbables. Daí a magnífica frase do Xavier Zubiri, de novo atopada no Everaldo Cescon: “*As religiões nunca partem do zero.*” Unha

frase que os arqueoindividualistas facemos extensiva a toda comprensión global que pretenda mellora-la realidade. Por iso aparece a nosa estraña, en aparencia, conxunción entre revolución e dereita, xa que tradicionalmente pénsase que a revolución é cousa da esquerda.

Pois unha verdadeira revolución nunca parte de cero. Por iso, neste senso, toda verdadeira revolución é “*de dereita*”, se pretende triunfar, se pretende liberar ó home dos seus atrancos. Debemos partir, na revolución, do que xa coñecemos e avanzar sobre tal coñecemento. O arqueoindividualismo, que é sen dúbida un movemento revolucionario no metafísico e tamén no político, parte de feitos comprobados e de teorías sometidas cientificamente a comprobación, falsación e reelaboración experimental.

E no mellor da aventura intelectual do Xavier Zubiri albíscase isto tamén.

A parte estritamente eclesiástica e apoloxética do catolicismo no Xavier Zubiri, sinceramente, éme pouco interesante; tan pouco como adoitan selo pra min as apoloxías da respectiva superioridade do xudaísmo, o budismo, o luteranismo, o islamismo, etcétera. Abonda aquí con indicar, no plano metafísico e neste senso suprarreligioso, co René Guénon, que ningunha tradición espiritual é insubstituíble e culminación metafísica en si mesma... xustamente porque se dá no plano fenoménico aínda relativo (concepto sánscrito de ilusión radical, “*maia*”). O intento de substituír unha relixión, o catolicismo por exemplo, por outra relixión, o sunismo islámico por exemplo, que sería máis *verdadeira*, é pueril, por moi humano e comprensible que resulte na socioloxía relixiosa.

Aquí entra unha frase hoxe admitida con maior ou menor matización por tódalas relixións: “*O Deus é amor.*”

Pois será. Mais, mesmo si é verdade, tal *amor* é moi diferente para o rico e para o pobre. Certa teoloxía cristiá afirma que os pobres son os preferidos polo Deus. Tendo en conta feitos ben comprobados, non meras opinións, que indican que os pobres viven menos tempo e con máis en-

fermidades que os ricos, mesmo sendo moi indulxente con esta frase e co contexto no que tradicionalmente se di, cómpre recoñecer que *a pobreza non achega a Deus, non produce nada positivo en si mesma; que da pobreza se debe fuxir coma do demo.*

Dito con outras verbas, e bastante duras: teoloxía si, parvadas non.

En xeral: a apoloxía da dor e das dificultades no mundo fenoménico, tan característica de tódalas relixións e cosmovisións de alicerce bíblico (incluídas as tendencias islámicas) choca de sócoto co feito de que hai moitas manifestacións da dor que son completa ou case completamente mecánicas, estériles, que nada teñen de divino directa ou indirectamente e que, simplemente, débense á autonomía relativa de funcionamento e desenvolvemento que ten o mundo material fenoménico transitorio.

En xeral, a dor non acerca ó Reino de Deus, senón todo o contrario.

Agora, pode parecer que me afasto radicalmente do Xavier Zubiri e que vou a un prometeísmo laicista e inmanentista.

Pois non hai tal. O que busco, o que busca a dereita revolucionaria, é unha revolución metafísica e política real, que ten moi en conta a tradición (de feito, en típica frase da dereita: o que non é tradición é plaxio) mais que, lonxe de insistir no pecado, a culpa, a caída e conceptos ligados, insiste no contrario: na acción santa, na autoxustificación inocente, no andar ergueito.

Dí o Zubiri, citado polo Everaldo Cescon, que o amor en Deus "*é real, formal e constitutivamente um êxtase de pura volição e de pura inteligência*". Isto implica plenitude física no posible, plenitude síquica e apertura á excelencia espiritual. É deiformidade, deiformación... ¡deificación!

O que se necesita é un equilibrio superior. Sen conciencia do carácter transitorio, insatisfactorio e humillante do mundo fenoménico, creríamos que é posible a felicidade nun plano existencial tan baixo; é o erro do prometeísmo. Por outra parte, sen conciencia da natureza intrinsecamente divina do ser humano creado

(mellor: emanado, segundo o meu punto de vista) pensaríamos que hai unhas barreiras físicas i espirituais á súa comprensión que non existen, pois se o home quere chegar á santidade, chegará a ser santo, e as portas do inferno non prevaleceran contra el; crer que a salvación non é posible dende a racionalidade humana é o erro do calvinismo.

O que se necesita é amor sen narcisismo. O que se necesita é egoísmo ben entendido, que é o amor a si mesmo, e non desprezo do próximo. Quen se ama a si mesmo, amarán con verdade e con poder ó seu próximo.

Por isto queda o aporte sólido do Xavier Zubiri á liberación real do home, un aporte tan sólido que non precisa gabanzas indixestas.

O Deus revélase precisamente na acción do home que busca entender, que busca a realización da súa máis alta posibilidade. É un Deus intrínseco á conciencia do individuo, sen por iso limitarse á escuridade e á continxencia do individuo transitorio. É un Deus que libera por estar dentro mais empurrando para fora. Fora do mundo material de tebras: ata o Cristo Cósmico.

A intelección sentinte, segundo o Xavier Zubiri, permite un acceso completo á realidade percibida. Hai nisto unha superación da dualidade, da imperfección no coñecemento.

A miña interpretación do Zubiri é, abofé, meta-kantiana. Sosteo que as análises da aprehensión da realidade polo home, pola súa intelixencia, pola súa afectividade, pola súa corporalidade e polo encontro transcendentemente reforzante coa Realidade Derradeira, o Deus, permiten progresivamente chegar a un coñecemento exacto do real, por moi longo que resulte o proceso.

Esta posibilidade non é unha variáñna máxica, mais si a guía antirrelativista que orienta en todo o proceso. Os planos de realidade, especialmente na Historia (aquí salienta o Zubiri máis teólogo, máis cristián) son progresivamente transparentes segundo a actuación do home religado ó Deus.

Vou rematando. Realmente, a dificultade está na integración do pensamento zubiriano nos paradigmas do arqueoindividualismo.

A teoloxía da liberación, o arqueoindividualismo e o Zubiri.

Unha comparación coa recepción do Xavier Zubiri na teoloxía da liberación, a través do amigo i expositor de Zubiri, o xesuíta Ignacio Ellacuría, aclarará a novidade da miña formulación.

A teoloxía da liberación é aberta e intensamente política. Orabén, o feito de recibir inspiración do pensamento zubiriano, non directamente político en por si, indica que o pensamento zubiriano permite mediatamente obter consecuencias políticas importantes. Isto, tanto na teoloxía da liberación como na dereita revolucionaria.

En xeral, a *Teoloxía da Liberación* xorde pra dar unha solución ó problema da ausencia de liberación hispanoamericana. A fundamentación teolóxica da liberación non pode ser só sociolóxica ou económica, malia o importante peso do marxismo na teoloxía da liberación. Por iso o Ignacio Ellacuría parte do seu excelente coñecemento do Xavier Zubiri (que foi mestre seu) para postular unha espiritualización do home, como realidade radicalmente aberta segundo o Zubiri, que na praxe histórica induza unha espiritualización que teña sempre en contra a materialidade da realidade.

O esquema, ata aquí, é moi similar ó esquema da dereita revolucionaria, do arqueoindividualismo. ¿Onde está a diferenza?

Ó noso xuízo, ó xuízo dos arqueoindividualistas, non feito de que o Ignacio Ellacuría (e a teoloxía da liberación en xeral) propoñan ó pobre como un "*lugar teolóxico*" ou concepto paradigmático da acción salvadora e liberadora do Deus na Historia.

Orabén, dende o materialismo histórico, cultural e dialéctico, non só do Marx e o Engels senón tamén de moitos outros autores coma o Marvin Harris, o Freud, o Darwin, o Jacques Monod, etcéte-

ra, cómpre concluír que, empiricamente, a pobreza nin é liberadora nin dá, en xeral, oportunidade ningunha de liberación ou mellora. Agás escasas excepcións, a pobreza produce corrupción, desesperación, maldade, pecado, crime, morte, dor... e máis pobreza, en círculo vicioso.

Non cabe outra actitude racional ante a pobreza ca elimina-la pobreza, sobre todo a pobreza extrema, a miseria.

Ontoloxicamente, a pobreza fai do home, realidade aberta en principio coma ben di o Zubiri... unha realidade pechada. O pobre real, non o pobre imaxinado por certos teólogos da liberación, é un ser cáseque sempre involucionado ó animal prehumano. O pobre real é un home carente de horizontes e de capacidades para saír da súa condición. A miseria non produce revolución; só produce miseria.

Así, este irrealismo fantástico, totalmente inaceptable, é o punto nodal que desloca á dereita revolucionaria, ó arqueoindividualismo, da teoloxía da liberación. Sendo totalmente imposible, na realidade, mellora-la condición humana baixo a pobreza severa, é necesario tamén rexeitala simbolicamente e recoñecer que a pobreza nada ten de divino e que un concepto racional do Deus non ve pobreza no Deus, senón riqueza (xusta) no económico e no espiritual. A "*civilización da pobreza*" proposta polo Ignacio Ellacuría é un contrastado, por moito que o propio Ignacio Ellacuría pretenda logo matizar este grave erro, presentándoo como "*satisfacción universal das necesidades básicas*". ¿O que é iso, senón precisamente riqueza? O que necesitamos é unha "*civilización da riqueza... da riqueza xusta e universal*".

Así, a consecución dunha gran abundancia material é ós ollos da dereita revolucionaria unha condición necesaria e ineludible para a liberación do home na Historia; o cal, segundo o coñecemento científico comprobado, implica un axuste demográfico radical (limitación i estabilización da poboación) e o cambio da irracionalidade consumista á produción de materiais e servizos de gran calidade, longa duración e harmonía ecolóxica sostible no medio ambiente sen o cal ho home real

non pode vivir. Pódese entende-la dereita revolucionaria, aínda, como unha forma de teoloxía ou filosofía da liberación... mais, iso si, unha teoloxía da liberación realista e nunca utópica.

Trátase no noso sentir, no sentir do arqueoindividualismo, dunha lectura realista e progresista das teses do Xavier Zubiri. O home, sendo en principio unha realidade limitada e falible, ten, nembargantes, a capacidade de acolle-la captación do poder divino e humanizar toda a realidade, cara á divinización tamén, pois a “*deiformidade*” e a “*deiformación*” do home implican que o home só pode ser plenamente humano aspirando a ser tamén

divino. O cal implica recoñecer, sen romanticismo ilusorio, o peso determinante (e abafante se non o recoñecemos) das leis do mundo material, para crea-los puntos de salto a dimensións cada vez máis libres, cada vez menos atadas á materialidade animal transitoria, do home no que ten de propiamente anxélico, de crístico e divino.

E, como non tratamo-los arqueoindividualistas de fachendear de novidade académica, coma o noso interese é sinxelamente a liberación real, física, metafísica e relixiosa, do ser verdadeiro empírico, do home, quedamos á espera de todo tipo de críticas e suxestións.